

## **Memoria Xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Centro Ourensán de Montevideo para a impermeabilización urxente da azotea do local anexo á sede social**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras: as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar co Centro Ourensán de Montevideo un convenio que ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a impermeabilización urxente da azotea do local anexo á sede social do Centro Ourensán de Montevideo sita na rúa Ana Monterroso de Lavallega, 2010.

O Centro Ourensán de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1958 e inscrita no Rexistro da Galegidade como centro colaborador da galegidade, que ten entre os seus obxectivos ser punto de reunión dos galegos, compartir a cultura galega e colaborar cos compatriotas.

A entidade conta cun inmovible en propiedade situado na rúa Ana Monterroso de Lavallega, 2010-2014, 11200 Montevideo (Uruguai), no que ten establecida a súa sede social, e no que actualmente acolle tamén á Casa de Galicia centro histórico-cultural, entidade herdeira da extinta Casa de Galicia de Montevideo.

Entre o patrimonio custodiado no inmovible atópanse a distintas vestimentas e os instrumentos dos grupos de música e baile da entidade, que corren perigo de verse danados porque as dependencias nas que están gardados teñen fisuras e humidades provocadas polas fortes chuvias acaecidas en Montevideo durante o pasado mes de agosto, motivo polo que resulta urxente impermeabilizar a azotea que as cobre.



O custo total estimado da actuación é de 10.780,00 €, segundo o orzamento presentado, e á entidade élle imposible asumilo cos seus propios recursos.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrència pública

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 10.780,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.781.0 (Código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

